

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o martes, día 14 de xaneiro de 2025, ás 18:00 horas, na biblioteca, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Resultados académicos da primeira avaliación.
3. Informe de convivencia.
4. Informe económico do ano 2024.
5. Plan evacuación. Curso primeiros auxilios.
6. Actualización de actividades extraescolares e complementarias.
7. Plan orientación.
8. Constitución da comisión económica e comisión de convivencia.
9. Rogos e preguntas.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

1. Sométese á aprobación do consello o contido das actas das últimas reunións. Apróbanse por unanimidade.
2. A xefa de estudos, Concepción Pérez, toma a palabra para comentar os resultados académicos da primeira avaliación. Apoia as súas explicacións cuns gráficos que achéganse a esta acta.

O 25% do alumnado aproba todas as materias e outro tanto suspende catro o máis materias, parece unha porcentaxe alta pero se comparamos cos dous cursos anteriores os resultados son parecidos, incluso mellores ao curso 2022-2023.

O alumnado que suspende cinco ou máis materias non é necesariamente alumnado repetidor, algúns son alumnos con dificultades que na casa non reciben axuda e outros son alumnos que pasaron de curso por imperativo legal. Do alumnado de terceiro con

moitas materias suspensas solo catro son repetidores, unha razón podería ser a idade complicada que atravesan e Conchi pensa que remontarán na próxima avaliación. No segundo curso míranse mellores resultados en 2ºC e igual poderíamos pensar en barallar mellor o alumnado para o curso que ven.

A xefa de estudo preocúpanlle os resultados de 1ºBach B pois o 48% do alumnado suspende catro o máis materias. Algúns veñen de fóra e traen fallos de base, non saben estudar ou o cambio de etapa pillounos despistados. Explica que bacharelato é un curso máis esixente onde hai que estudar máis e ser máis autónomo no estudo.

Os representantes do alumnado presentes no claustro interésanse polos resultados obtidos na materia de matemáticas impartida polo profesor Marino Campos. Explican que que no seu parecer os exames non sempre axústanse ao explicado na clase e que na súa clase solo aprobaron 7 alumnos de 25.

Manuel de la Fuente tamén fala deste problema segundo comentarios do seu fillo, que foi a única materia que suspendeu. Está intranquilo porque parece ser que o dito profesor está de baixa e a proba de recuperación vai tardar en ter lugar.

Rosa recorda o consello que dito profesor recibiu moitas protestas o curso pasado.

Luís González, representante no consello da ANPA, expresa que tamén chegaron queixas o ANPA e que dende a directiva débese falar pronto con dito profesor para evitar danos maiores ou chegar tarde coas actuacións a levar a cabo.

Xiana Álvarez comenta que este profesor as veces ríase ou ridiculiza o alumnado no encerado e algunha alumna rematou chorando.

Luís González informa que nas catro protestas que recibiron deste profesor no que vai de curso tamén se fala de falta de respecto ao alumnado.

Concepción Pérez, xefa de estudos, comenta que é a primeira noticia que ela ten desta situación e que tomaranse as medidas oportunas. O profesor si que vai estar de baixa e a próxima semana virá un substituto. Conchi falará para que a recuperación realícese pronto.

3. Conchi mostra un diagrama co número de faltas de orde por cursos. Os datos de convivencia neste trimestre son similares os de cursos anteriores. Como é habitual son máis numerosas as faltas en primeiro e

segundo curso. O alumnado de primeiro este ano é moi revoltoso e ven con moitas ganas de xogar no aula, de xogar a pelexar e moitas da faltas son debidas a cinco ou seis alumnos concretos de 1º B e 1º C.

A xefa de estudos analiza as expulsións desta primeira avaliación: Foron 22 das cales 8 foron por faltas de respecto ao profesorado e 5 por pelexas. As sancións por pelexas funcionaron ben pois deixaron de facelo. O funcionamento das sancións por acumulación de partes depende moito da actitude das familias ante a chegada dos Abalares sendo algunhas moi permisivas.

4. A secretaria, Beatriz González, toma a palabra para comentar o exercicio económico do 2024. Os ingresos foron menores aos do ano pasado pois os ingresos complementarios foron de menor contía quedando en 158.763,68 €. Os gastos foron maiores aos do curso pasado e máis dos previstos no orzamento sendo de 115.745,94 €. Este incremento explícase por varias partidas non previstas no orzamento coma os libros do Fondo Libros, o programa de froita e leite do Fogga, os gastos xerados pola participación do noso alumnado gañador do Cimbio na Feira de Barcelona e na Feira de Bruxelas. Estes últimos gastos supostamente van a ser sufragados pola Consellería durante este ano 2025. Tamén foron máis altas as partidas de mantemento do edificio e de transporte pois o prezo dos autobuses subiu moito neste curso e non sempre a colaboración do alumnado paga o total do gasto.

O balance é positivo e no banco queda un remanente a 31 de decembro de 74.893,98 €, menos que o ano pasado.

A secretaria explica que as contas sufrirán modificacións nestes próximos días porque a Consellería ten pendente de ingresar algunhas partidas do 2024 como o club de lectura onde concedéronnos 800 euros. Estas modificacións serán de pouca importancia e reflectiranse no Xecocentros que presentárase na Consellería.

As contas son aprobadas polo consello por unanimidade.

5. Continua a secretaria coa palabra para informar que neste segundo trimestre realizárase un simulacro contra incendios. Intentárase mellorar os puntos onde no curso pasado observouse algunha incidencia.

Informa que a final do mes de xaneiro teremos no centro un curso de primeiros auxilios para o profesorado pois o alumnado recibe dito curso case cada ano na materia de Educación física.

6. Toma a palabra Víctor Rodríguez, para informar ao consello sobre as

excursións. O ano pasado foron demasiadas excursións porque ademais de faltar alumnado tamén faltan os profesores acompañantes e outros alumnos perden horas de clase. Por iso as excursións de máis dun día serán solo para cuarto e primeiro de bacharelato. Sabemos que o alumnado quere ir todos os cursos de excursión pero é moito esforzo de organización e tamén moito diñeiro para as familias.

Intentarase organizar excursión dun día enteiro en todos os cursos.

7. Víctor continúa coa palabra para introducir o seguinte punto da orde. Explica que nesta semana tivo lugar unha CCP para elaborar e aportar modificacións ao Plan de Orientación. Un plan que se actualiza e revisa e unha vez presentado no claustro e aprobado polo consello escolar envíase a inspección. Este plan está encamiñado a axudar ao alumnado con máis necesidades educativas. Un exemplo son os cursos de 3º e 4º PDC que cursan por ámbitos e da moi bos resultados.

Conchi explica polo miúdo dito Plan ao Consello Escolar e responde as dúbidas dos membros do consello.

O membros do consello aproban o plan por unanimidade.

8. Establécense as seguintes comisións do consello escolar:

- **Comisión de convivencia:** Manuel J de la Fuente, Ildara González, Gloria María Quicler e a xefa de estudos, María Concepción Pérez.
- **Comisión económica:** Xosé Pérez, Mencía Vila, Luís González e o director, Víctor Rodríguez Romero.

Tras esta intervención, sen rogos nin preguntas, dáse por rematada a sesión ás 19:30.

En Vigo, a 14 de xaneiro de 2025

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz